



BRASIL

Tipo de adopción: Plena

Requisitos:

- Estado civil: casado/a, solteiro/a, divorciado/a, parella de feito, viúvo/a
- Idade (Solteiro e parella): ≥ 25 , < 60
- Monoparentais: Home, Muller

En relación á adopción por parellas homosexuais, os estados de Río Grande do Sul, Sao Paulo e Minas Gerais, aceptan os ofrecementos.

A adopción constitúese por sentenza xudicial.

Permítese que as persoas adoptadas conserven a súa nacionalidade.

Características dos nenos:

- Menores de 1-18 anos de proxenitores descoñecidos, que deran o seu consentimento á adopción ou que foran privados da patria potestade.
- Segundo a normativa actual, a adopción internacional aceptase so para menores a partir de 5 anos, agás en Río de Janeiro que terán, polo menos 9 anos, agás grupos de irmá/n/s para os que non se establece unha idade mínima. Dentro do rango establecido (5-18), os mais pequenos suelen presentar algunha discapacidade ou enfermidade crónica, ou formar parte dun grupo de irmáns.
- A diferenza de idade entre o adoptante e o adoptado debe ser de, 16 anos de mínima e 50 de máxima.
- Os maiores de 12 anos deberán dar o seu consentimento á adopción.
- Consideranse NNA con características especiais aqueles con enfermidades crónicas, discapacidades físicas ou psicolóxicas. Outorgase absoluta prioridade aos procedementos xudiciais de NNA con características especiais.

Forma de tramitación:

Poderá tramitar a súa adopción:

- A través do Ministerio de Xuventude e Infancia (Protocolo Público).
- A través do Organizacións Acreditadas para Adopción Internacional(OAAI).

BRADOPTA

Mallorca, 192, 1º piso

Barcelona (8036)

Teléfono: 932720290

<https://centrokune.org>

centrokune@centrokune.org

Documentación necesaria:

- Solicitud para habilitación na CEJAI (escollida) asinada polas persoas que se ofrecen para a adopción ou polos seus representantes, con un certificado de autenticación da firma.
- Declaración sobre a gratuidade e sixilo da adopción en Brasil, debidamente asinada e con firma recoñecida (formulario propio da CEJAI)

- Poder notarial de representación, en caso de haxa persoa representante ou se tramite con OAA.
- Certificado de nacemento.
- Certificación de residencia expedida por organismo oficial.
- Fotocopia do pasaporte.
- Certificado de matrimonio, ou proba de unión estable, divorcio ou defunción, se é o caso. Data máxima de emisión, 6 meses.
- Certificado médico de saúde física e mental.
- Certificado de penais, tanto do país onde residan, como do país de onde teñan a nacionalidade. Data máxima de emisión, 6 meses.
- Certificado negativo de delitos sexuais.
- Acreditación do domicilio, en propiedade ou aluguer.
- Certificación de emprego.
- Certificado de ingresos anuais (en dólares americanos).
- Certificación de que se cumpren os requisitos legais do país de nacionalidade de cada membro da parella.
- Fotografías da/s persoa/s que se ofrece/n para a adopción, domicilio e familiares.
- Certificado de idoneidade.
- Informe psicolóxico.
- Informe social.
- Compromiso de seguimento.
- Texto da lexislación de adopción do país receptor (traducida), con certificado de autenticidade e proba de validez.
- Comprobación da existencia ou non de fillos.
- Declaración xurada de non establecemento de contacto coa persoa que detente a garda do/a menor.
- Declaración de coñecemento da irrevogabilidade da adopción en Brasil.
- Os certificados deben ter unha data máxima de emisión de seis meses. Os documentos deben ser orixinais, traducidos por tradutor xurado e apostilados; ademais, as firmas deben ser autenticadas ante notario.
- **A maiores, deberá aportarse a documentación esixida en Galicia.**

Organismo público competente:

Autoridad Central Brasileña para la Adopción Internacional (ACAF). Ministerio de Justicia y Seguridad Pública.

Embaixada en España:

Embajada de Brasil en España

Fernando el Santo, 6 - 28010 Madrid

Teléfono: 917004650 Fax: 917004660

Estancia esixida no país:

- Aproximadamente, a estancia mínima no país é de 30 días e a máxima de 90 días.

Informes de seguimento:

- 1 informe semestral durante 2 anos (salvo que na resolución xudicial se estableza outra cousa). Deben ir acompañados de fotos, legalizados, apostilados e traducidos.

Lexislación:

- Convenio relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional, feito na Haia o 29 de maio de 1993.
- Convenio suprimindo a esixencia da legalización dos documentos públicos estranxeiros, feito na Haia o 5 de outubro de 1961.
- Lei nº 8.069, do 13 de xullo de 1990, Estatuto do neno e do adolescente, modificada polas Leis nº 12.010, de 3 de agosto de 2009, Lei 13257 de 2016 e pola nº 13.509, de 22 de novembro de 2017.
- Decreto 3.174, do 16 de setembro de 1999, que designa as autoridades centrais encargadas do cumprimento do Convenio de 1993, modificado parcialmente polo Decreto 10064, de 2019
- Constitución da República de Brasil-Capítulo III.
- Código da nacionalidade brasileira.
- Decreto 5.491, do 18 de xullo do 2005, que regula a actuación dos organismos estranxeiros e nacionais de adopción internacional, modificado parcialmente polo Decreto 5947, de 2006
- Ordenanza nº 2832, de 26 de decembro de 2018, norma que instituiu procedementos para o outorgamento e renovación de acreditación de organismos nacionais e estranxeiros para mediar solicitudes de adopción internacional en Brasil e no exterior.
- Decreto 10064, do 14 de outubro de 2019. Norma que instituiu o Consello de Autoridades Centrais Brasileñas para a adopción internacional, presidido pola Autoridade Central Federal y constituido pola Autoridades Centrais do Estado e Distrito, ademais do Ministerio de Relacións Exteriores e Policía Federal.

Observacións:

Brasil é un estado federal composto por 27 estados, cada un, ten a súa propia interpretación das leis federais e as súas propias esixencias na tramitación dos expedientes.

Data de actualización:

A información do país foi actualizada o 04/08/2023.